

FALADOIROS DA CÁTEDRA JUANA DE VEGA

Socioloxía do leite. A cara oculta do leite galego

Xoves, 3 de marzo de 2016

Coordinador: Lourenzo Fernández Prieto. Catedrático do Departamento de Historia Contemporánea da USC

Os faladoiros da Cátedra Juana de Vega son espazos de discusión e debate abertos arredor dun tema ou un problema importante do presente e do pasado que queremos analizar en toda a súa dimensión e con toda liberdade pero con todo o rigor, enlazando o coñecemento e a perspectiva universitaria co coñecemento e a perspectiva profesional e dos sectores implicados.

Neste caso queremos falar da Socioloxía do leite; das persoas e os actores que o producen: do asociacionismo e dos modelos e formas de asociación; de como se organizan os leiteiros, desde a familia e a parroquia até o ámbito galego, estatal e europeo.

PROGRAMA

09.30 – 10.00 h: **Apertura:** Presentación do seminario polo coordinador

10.00 – 11.30 h: **Relatorio 1 e debate:** *Asociacións e organización no leite: O modelo irlandés e o noso.* César Rech. Dr. Enxeñeiro Agrónomo do CIAM (Centro de investigacións Agrarias de Mabegondo).

11.30 – 12.00 h: Pausa

12.00 – 13.30 h: **Relatorio 2 e debate:** *A evolución da agricultura e o leite en Suecia no século XX. Os modelos de organización e asociación.* Carin Martin. Dra. en Historia agraria e enxeñeira agrónoma. (Universidade de Uppsala. Suecia).

14.30 – 16.00 h: **Relatorio 3 e debate:** *A mudanza das formas de organización e asociación no sector leiteiro desde 1975 até hoxe.* Xoan Carlos Carreira Pérez. Catedrático da Escola Politécnica Superior de Lugo, da Universidade de Santiago de Compostela.

16.00 – 17.00 h: **Debate xeral e conclusións.**

*O Seminario realizarase en formato de debate a porta pechada, con 20/25 asistentes convidados. Toda a sesión será emitida por streaming en juanadevega.org